



CONVENIO DE COLABORACION ENTRE O INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA (INEGA) E A FUNDACIÓN CENTRO TECNOLÓXICO DE EFICIENCIA E SOSTENIBILIDADE ENERXÉTICA (ENERGYLAB), PARA A ELABORACIÓN DA DOCUMENTACIÓN TÉCNICA NECESARIA PARA LEVAR A CABO AS LICITACIÓNS PÚBLICAS DO PROXECTO DO ECOBARRIO DE A PONTE NO CONCELLO DE OURENSE.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O Director do Instituto Enerxético de Galicia (Inega)

DECLARA:

Que esta entidade de dereito público ten previsto formalizar ca Fundación Centro Tecnolóxico de Eficiencia e Sostenibilidade Enerxética (ENERGYLAB), o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o o día seguinte a súa sinatura ata o 31 de decembro de 2018.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as condicións da colaboración entre o Inega e Energylab para a elaboración da documentación técnica necesaria para levar a cabo as licitacións necesarias para a execución do proxecto do Ecobarrio de A ponte no Concello de Ourense, dito proxecto comprende diversas liñas de actuación en materia de eficiencia enerxética e sostenibilidade ambiental a levar a cabo no barrio de A Ponte no Concello de Ourense..

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela a 30 de xullo de 2018

